



NOTA INFORMATIVA AOS SOCIOS DE:

PRÉSTAMOS exercicio 2021
NORMAS SOCIAIS DA COOPERATIVA

INFORMACIÓN DOS PRÉSTAMOS DA COOPERATIVA

- **DESTINATARIOS DOS PRÉSTAMOS:** socios da cooperativa.
- **DESTINO DOS PRÉSTAMOS:** distintas finalidades.
- **IMPORTE DOS PRÉSTAMOS:** estudarase cada caso concreto.
- **AMORTIZACIÓN:** as cotas poden ser mensuais, trimestrais, semestrais ou anuais.
- **VARIABILIDADE DA COTA:** en función da variación do tipo de xuro.
- **PRAZO:** en función da idade dos solicitantes e da finalidade do préstamo.
- **PERÍODO DE CARENCIA:** estudarase para cada caso concreto.
- **AMORTIZACIÓN/S ANTICIPADA/S:** poden ser totais ou parciais (sen comisión).

TIPO DE XURO (%) DOS PRÉSTAMOS

O tipo de xuro está en función da finalidade dos préstamos; para o exercicio 2021 os tipos fixados son os seguintes:

- **PARA PRESTAMOS NON SUXEITOS** a Lei 5/2019, de Contratos de Crédito Inmobiliario
- **PARA PRESTAMOS ANTERIORES** a Lei 5/2019, de Contratos de Crédito Inmobiliario

VIXENCIA: 1 xaneiro - 31 xuño	
HIPOTECARIOS (vivenda)	2,65%
HIPOTECARIOS	4,95%
AVAIS	5,95%
AGRÍCOLAS	4,00%
ESTUDOS UNIVERSITARIOS	1,50%

Os tipos de xuro e as súas modificacións fixaranse por acordo dos órganos sociais da cooperativa, conforme as normas sociais e de acordo co regulamento de réxime interno da cooperativa

Os xuros de mora serán: o xuro ordinario pactado vixente incrementado en 3 puntos.

A revisión dos tipos de xuro farase semestralmente, no mes de xuño, con efectos a partir do 1 de xullo e no mes de decembro, con efectos a partir do 1 de xaneiro.

GASTOS

- En préstamos hipotecarios.
 - Os gastos de taxación, feita por unha sociedade de taxación autorizada.
- En préstamos en escritura pública ou póliza.
 - Arancel notario.
- Cancelación hipoteca.
 - Arancel notario.
 - Arancel rexistro.

TRAMITACIÓN DOS PRÉSTAMOS:

Os socios solicitantes deberán facilitarlle á cooperativa toda a información necesaria, que permita valorar a súa solvencia e poder cumprir coas obrigas do préstamo. A documentación básica que se debe achegar é a seguinte

Documentos básicos para estudar a operación:

- Solicitude no modelo facilitado pola cooperativa
- Fotocopia do DNI do/s socio/s solicitante/s.
- Fotocopia da última declaración da renda.
- Xustificantes doutros ingresos.
- Fotocopia das tres últimas nóminas ou certificado de salarios.
- Fotocopia escritura/s propiedade/s
- Fotocopia do IBI da/s propiedade/s.
- Información da situación financeira do/s socio/s solicitante/s.

INFORMACIÓN: As seccións de crédito das cooperativas non están sometidas a supervisión do Banco de España.

NORMAS SOCIAIS POLAS QUE SE REXE A COOPERATIVA

- A cooperativa réxese de conformidade cos seus estatutos sociais, contidos na escritura pública outorgada ante o notario Bruno Otero Afonso, o día 17 de setembro de 2012 e inscrita no Rexistro Central de Cooperativas da Xunta de Galicia, folla 014-SCT; asento 35.
- A cooperativa rexese, así mesmo, polas normas contidas no Regulamento de Réxime Interno, outorgada ante o notario que foi de Ferrol, don Fernando José Rivero-Sánchez Covisa, o día 8 de xullo de 2004, inscritas no Rexistro Central de Cooperativas da Xunta de Galicia, folla 14-SCT; asento 21 e polas súas modificacións posteriores, outorgadas ante o notario, Bruno Otero Afonso, o día 7 de xullo de 2009, inscritas no mesmo rexistro, folla 14-SCT; asento 11
- Acordos da Asemblea Xeral, órgano supremo da vontade social, adoptados validamente.
- Acordos adoptados polo Consello Reitor, órgano de goberno e xestión da cooperativa, elixido pola Asemblea e inscrito no Rexistro Central de Cooperativas.

Os abaixo asinantes facemos constar que somos socios da Cooperativa de Meirás de Consumidores e Usuarios Sociedade Cooperativa Galega, que se puxo á nosa disposición unha copia dos Estatutos Sociais e do Regulamento de Réxime Interno, que recibimos o presente folleto informativo, que fomos informados das condicións dos préstamos da cooperativa, do contido da ficha personalizada correspondente o préstamo que solicitamos. Que coñecemos que como socios podemos participar nos órganos sociais da cooperativa, especialmente nas asembleas xerais de socios, que fomos informados de que a cooperativa coa súa sección de crédito, non é unha entidade financeira, sometida á disciplina do Banco de España, e que o seu control corresponde aos os órganos correspondentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Meirás (Valdoviño) _____ de _____ de _____

Recibín

Asdo. . _____

Asdo.: _____